



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO


Travesa de Meirás, s/n, Meicende

15140 Arteixo (A Coruña)

Tfno: 881 880 214 / Fax: 881 880 216

ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro



COMEZO DO CURSO 2021 - 2022

ACTIVIDADES LECTIVAS: O período lectivo comprende **desde o día 9 de setembro de 2021 ata o 22 de xuño de 2022, ambos días inclusive**. No mes de setembro o alumnado de 4º Educación Infantil (3 ANOS) deberá realizar o **período de adaptación que se lle indique**.

HORARIOS: Aínda que as actividades lectivas desenvolveranse **en sesións de mañá, de 9 a 14 horas, o horario de entrada axustarase ao establecido no punto seguinte:**

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO: Debido ao protocolo sanitario, **non está permitido o acceso das familias ao recinto escolar**, excepto en Educación Infantil, no que poderá haber **un acompañante por alumno ou alumna**. Dito acompañante terá que cumprir as normas sanitarias relativas ao uso de máscara, distancia mínima de 1,5 metros de outras persoas e permanecer no colexio o menor tempo posible.

As entradas e saídas serán como o pasado curso:

- EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º.- O alumnado dos cursos de 5º e 6º entrará de 8:55 a 9:05 horas **pola porta lateral do Pavillón Deportivo que da acceso ao parque** e accederá ás aulas directamente polas escaleiras exteriores da súa dereita. Sairá pola mesma porta ás 14:00 horas

2º.- O alumnado dos cursos de 1º e 2º entrará **tamén por esa porta** 10 minutos máis tarde, de 9:05 a 9:15 horas, e accederá tamén polas escaleiras exteriores da súa dereita ata chegar as súas respectivas aulas. A saída será pola mesma escaleira e porta ás 13:55 horas.

3º.- O alumnado dos cursos 3º e 4º entrará de 8:55 a 9:05 horas **pola porta principal e accederá polas escaleiras da súa esquerda** ata chegar as súas respectivas aulas. A saída deste alumnado será polo mesmo lugar, ás 14:00 horas.

- EDUCACIÓN INFANTIL:

Este alumnado entrará pola porta principal, pero de 09:05 a 09:15 horas. Neste caso pode vir acompañado dun único familiar que o levará xusto ata a porta de acceso a educación infantil onde será recollido polo profesorado. Os acompañantes **deberán permanecer no centro o menor tempo posible**. A saída será tamén polo mesmo lugar, **ás 13:45 horas**.

- ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR:

Accederá como é habitual ás 8:50 pola porta central do Pavillón Deportivo, acompañado da monitora e mestra de garda. A saída tamén será polo mesmo lugar ás 13:55 horas pero neste caso pola porta principal do colexio.

RECOLLIDA DE ALUMNADO: Durante a xornada escolar só se poderá abandonar o centro cun motivo xustificando e acompañado polo seu pai/nai/titor ou persoa autorizada. Para iso precisa do consentimento da persoa titora ou, en ausencia desta, do director. O horario previsto para atrasos na entrada ou retirada anticipada de alumnado seguirá a ser o aprobado en cursos pasados, de 10:40 a 11:00 horas.

Non obstante, en atención a facilitar a conciliación familiar e laboral, **o alumnado que necesite realizar visitas médicas poderá acceder fóra dese horario, sempre que aporte o xustificante correspondente**. En calquera caso, **sempre se deberá deixar constancia no libro de incidencias na Conserxería**.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO


Travesa de Meirás, s/n, Meicende

15140 Arteixo (A Coruña)

Tfno: 881 880 214 / Fax: 881 880 216

ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro



MOI IMPORTANTE: Se rematado o horario lectivo algún alumno ou alumna permanecese no centro sen ter sido recollido, a persoa titora responsable, en presenza dalgún membro do equipo directivo, chamará á familia por teléfono, para avisar de tal circunstancia. **No caso de non poder contactar, darase aviso Á POLICÍA LOCAL OU Á GARDA CIVIL, xa que non poderá ir ao comedor escolar debido ás restriccións da pandemia.**

TRANSPORTE ESCOLAR: Para poder ser usuario de transporte é imprescindible ter o permiso correspondente. Todos os usuarios deste servizo **deben solicitar a autorización de novo, especialmente os usuarios excepcionais**, e comprometerse a usalo sen interrupcións, salvo motivo xustificado, cumprindo as Normas do Funcionamento do Centro e as relativas ao protocolo sanitario. En caso contrario, poden perder o dereito ao seu uso.

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS: Se nalgún momento xurdise un problema **seguirase esta orde: persoa titora, xefa de estudos, director**, que tratarán de resolver calquera situación conflictiva que poidese producirse. En todo caso haberá que aterse ás Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro.

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS: Serán **preferiblemente telemáticas ou telefónicas**. No caso de ser presencial, o horario será como sempre **os luns de 17 a 18 horas**. É moi recomendable avisar con tempo suficiente á persoa titora para unha mellor atención.

Para cuestións de Secretaría, o horario de atención ao público estará exposto no taboleiro de anuncios.

LIBROS DE TEXTO (FONDOLIBROS) E EDIXGAL: Os libros adxudicados en 3º e 4º de primaria seranlles entregados ao alumnado correspondente ao longo da primeira semana lectiva, para que os traian debidamente forrados. **As familias beneficiarias de fondolibros deberán asinar un documento de compromiso de devolución dos mesmos que lle será entregado pola titora.**

No caso de 5º e 6º de primaria, este ano utilizarán un ordenador portátil e os libros dixitais proporcionados pola Consellería.

COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: O comedor continua a ser xestionado pola ANPA do centro, a través da empresa ARUME, e as actividades extraescolares seguen a estar organizadas polo Concello de Arteixo. Estes son os seus teléfonos de contacto:

ANPA: 605 545 729. **ARUME:** 633 076 821. **CONCELLO DE ARTEIXO:** 981 647 249.

OUTROS ASUNTOS:

- **É importantísimo cumprir as recomendacións do protocolo sanitario facendo a enquisa de autoavaliación diaria no domicilio para previr posibles contaxios.**
- Pregamos esteades atentos á páxina web do centro, e aos avisos nos cursos correspondentes.
- Para posibles **avisos de urxencia**, prérgase encarecidamente que o **nº de teléfono de contacto se manteña sempre actualizado**, comunicando inmediatamente calquera cambio.
- No encabezado deste escrito figura tanto o nº de teléfono do colexio coma o correo electrónico para comunicarse co centro. **Recomendámosvos tamén que visitedes de vez en cando a nosa páxina web**, na que figurarán tanto as novas como as actividades que se vaian realizando.
- Se houbese calquera outra información de interese, sobre todo de tipo médico ou impedimento para realizar actividades de educación física, pregamos que nos avisedes canto antes.